CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas e quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Antonio Cumplido Taboada

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 6 de outubro de 2026 (RE-E núm. 649), coas seguintes características:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ANTONIO CUMPLIDO TABOADA
DNI	[redacted]
DOMICILIO	LALÍN
REPRESENTANTE	JAVIER SANTOMÉ REGUEIRA
DNI	[redacted]

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REPARACIÓN PUNTUAL DE TELLADO E MEDIANERÍA E LIMPEZA DE CANALÓN
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 10
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 – BLOQUE PECHADO
RFª. CATASTRAL DO INMOBLE	6625003NH8262N
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica redactada polo arquitecto Don Javier Santomé Regueira en data setembro de 2026)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.850,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) DÍA
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 22/10/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRINTA E SETE EUROS (37,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmoble, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO INVESTIMENTO DENOMINADO "CONSTRUCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2" (EXPEDIENTE NÚM. [redacted])

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 4 de agosto de 2025, adxudicouse o contrato de obra de *"CONSTRUCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2"* a favor da sociedade NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., co CIF núm. [redacted] ao prezo de 87.604,00 €, IVE incluído.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

2º.- A acta de comprobación do reformulo e inicio das obras asinouse con data 24 de setembro de 2025.

3º.- Durante a execución das obras, a Dirección facultativa das mesmas, considerou necesaria a modificación do proxecto técnico pola "*imposibilidad de asegurar que, en los procesos de curvado, transporte y colocación del policarbonato celular se cumpliesen, incluso con espesores mayores, las mínimas garantías mecánicas, resistentes y de seguridad exigidas, mientras que con la nueva cobertura de chapa de acero prelacado sí es posible asegurar esas garantías mínimas conforme al diseño proyectado*".

4º.- Na vista do solicitado, a Alcaldía autorizou a redacción dun modificado do proxecto, que foi obxecto de aprobación por este órgano na sesión de data 2 de setembro do corrente.

5º.- Ao estar dita obra financiada parcialmente pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario da Infraestruturas Deportivas (PEID), solicitouse con data 02/09/26 a conformidade do ente provincial ao modificado de proxecto aprobado, de conformidade co preceptuado na Base décimo cuarta da subvención.

6º.- Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación, adoptado en data 16 de outubro de 2026, concédese a conformidade co proxecto modificado.

7º.- Obtida dita conformidade, concedeuse ao contratista trámite de audiencia polo prazo de tres días (RS-E núm. 343, do 21/10/26). Non foi preciso cumprimentar dito trámite co autor do proxecto por canto a mesma persoa ostenta asemade a Dirección facultativa da obra.

8º.- Por escrito presentado no Rexistro municipal en data 22/10/26 (RE-E núm. 691), a empresa adxudicataria manifesta a súa aceptación á modificación do contrato de obras proposta.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Única.- O artigo 242.4 c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) dispón que, unha vez tramitado o expediente, deberá ser aprobado polo órgano de contratación, así como os gastos complementarios precisos.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a modificación do contrato de obra de *"CONSTRUCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2"*, de conformidade co modificado de proxecto técnico aprobado.

Segundo.- Aprobar un gasto complementario por importe de VINTE E SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (26.556,72 €), con cargo á correspondente partida do orzamento municipal en vigor.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao contratista e á Dirección facultativa da obra para o seu coñecemento e efectos.

4.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL PARA CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) – FASE IV"

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 22 de setembro do corrente, iniciouse o expediente de contratación da obra de "*CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL PARA CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) – FASE IV*". No punto segundo do dito acordo determinábase o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), con varios criterios de adxudicación avaliables de xeito automático.

Porén, a asistencia técnica para a redacción do prego contratada polo Concello considera máis convinte ao interese público introducir, xunto aos criterios de avaliación automática, outros criterios avaliables por xuízo de valor que non superen a porcentaxe establecida no artigo 159.1 b) da LCSP.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar o punto segundo do acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 22 de setembro do corrente, substituído o seu texto orixinal pola seguinte redacción:

" Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación avaliables de xeito automático e mediante xuízo de valor."

5.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DESTINADA AO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE SOCORRISMO NA PISCINA MUNICIPAL

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, por resolución de data 04/05/26 e por importe de 7.494,53 €, para o financiamento do servizo de socorrismo na piscina municipal, ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 23, do 04/02/26), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

— Subvención concedida: 7.494,53 €

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

— Gasto realizado:

TRABALLADOR/A	SALARIO BRUTO	SEGURIDADE SOCIAL PATRONAL	TOTAL COSTE LABORAL
HUGO DIÉGUEZ CODESAL	3.860,50 €	1.293,27 €	5.153,77 €
CARLA AREÁN CAMBEIRO	3.860,50 €	1.293,27 €	5.153,77 €
TOTAL	7.721,00 €	2.586,54 €	10.307,54 €

— Cantidade xustificada: 10.307,54 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

6.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA INSCRITA NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX) SUBVENCIONADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 25 de setembro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun (1) posto de traballo subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de grao en Dereito (RS núm. 740, do 29/09/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Grao en Dereito (oferta núm. [redacted]

— Chapela Palmas, Laura
— Da Silva Balboa, Sofía
— López Troncoso, Tamara

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- López Ruiz, Guillem
- Lorenzo Álvarez, Aroa
- Reija Otero, Mirian
- Silva Silva, Ana Paula
- Vázquez García, Andrés

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos candidatos preseleccionados un prazo de tres días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Reija Otero, Mirian (RE-E núm. 647, do 06/10/26).
- Da Silva Balboa, Sofía (RE-E núm. 651, do 06/10/26).
- Silva Silva, Ana Paula (RE-E núm. 653, do 06/10/26).
- López Ruiz, Guillem (RE-E núm. 656, do 07/10/26).

Por resolución da Alcaldía de data 09/10/26 os/as candidatos/as presentados/as foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 16 e 22 de outubro do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN ENTREVISTA	PUNTUACIÓN BAREMO	PUNTUACIÓN TOTAL
DA SILVA BALBOA, SOFÍA	1,80	0,00	1,80
LÓPEZ RUIZ, GUILLEM	1,50	0,00	1,50
REIJA OTERO, MIRIAN	1,76	0,20	1,96
SILVA SILVA, ANA PAULA	1,50	0,80	2,30

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor da candidata que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo: Ana Paula Silva Silva.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de duración determinada vinculado a programas de políticas activas de emprego financiados con fondos europeos, a tempo completo (37,5 horas/semana), por un período de nove meses, da traballadora que deseguido se sinala:

Grao en Dereito

NOME E APELIDOS	DNI
ANA PAULA SILVA SILVA	[redacted]

RESERVAS:

MIRIAN REIJA OTERO
SOFÍA DA SILVA BALBOA
GUILLEM LÓPEZ RUIZ

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Sandra Estévez Iglesias, traballadora laboral temporal do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, ten prevista unha baixa laboral por incapacidade temporal (IT), derivada de enfermidade común a partires do día 26 de outubro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ YOLANDA MARILYN OLIVARES GONZÁLEZ, con DNI núm. [redacted], a tempo parcial (20 horas/semana), en substitución de Sandra Estévez Iglesias.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE" – EXPEDIENTE PAS-O 1/2026

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo da obra denominada *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

PENELA E A EIREXE", en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"* ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- NATURGY CLIENTES EMPRESAS S.A.U. 690,07 €

  Por consumos eléctricos do alumeado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 902,38 €

  Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7MJ0005881, TA7MJ0005886, TA7MJ0005887 e TA7MJ0005888 (FACe).

- ANA MEILÁN GARCÍA 14,90 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. FL-2026-0316 (FACe).

- RINOCERONTE EDITORA S.L.U. 18,00 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. BNE26060.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- EDICIÓNS DO CUMIO S.A.U. 139,44 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. A-2103.

- DANIEL ARES BLANCO 16,00 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. E012.

- ELISA ALFAYA PÉREZ 450,00 €

  Por realización de obradoiro de globoflexia, s/factura núm. 26023 (FACe).

  Obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*

- NORTHGATE ESPAÑA RENTING FLEXIBLE S.A. 3.342,35 €

  Por contrato de aluguer de furgonetas de transporte nos meses de agosto e setembro de 2026, s/facturas núm. A2627094713 e A2627119337.

- GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 56,87 €

  Por serigrafía de vestiario de traballo, s/factura núm. FAC/18277.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)